

UNIDADE DIDÁCTICA INTEGRADA (UDI)

1. IDENTIFICACIÓN

UDI 5.	TÍTULO: O <i>Paso do Tempo</i>		3º Trimestre
Área: Ciencias Sociais		Nivel: 4º	Sesións : 10
Produto social (tarefa): <i>Imos facer una exposición na biblioteca con motivo da celebración das Letras Galegas. Tratará sobre a historia e a prehistoria en Galicia. Debemos investigar sobre as diferentes etapas para , máis tarde, seleccionar ou elaborar os obxectos que reflexen a foma de vida e a cultura daquel tempo coas explicacións pertinentes.</i>			

2. CONCRECIÓN CURRICULAR

(PERFIL COMPETENCIAL DA UDI)	
Estándares/ Obxectivos didácticos	Competencias
CSB4.4.1.Sitúa nunha liña do tempo os feitos fundamentais da prehistoria e historia de España e describe as principais características de cada unha delas.	CMCCT,CCEC,CCL
CSB4.4.2.Explica aspectos relacionados coa forma de vida, organización social e cultura das distintas épocas históricas estudadas.	CCEC, CSC, CCL
CSB4.4.3.Explica a diferenza dos períodos nos que se divide a Prehistoria e describe as características básicas das formas de vida nestas dúas épocas.	CSC,CCEC, CCL
CSB4.4.4.Data a Idade Antiga e describe as características básicas da vida naquel tempo, en especial as referidas á romanización.	CMCCT, CSC,CCEC
CSB4.5.1.Identifica, valora e respecta o patrimonio natural, histórico, cultural e artístico e asume as responsabilidades que supón a súa conservación e mellora.	CSC, CCEC
CSB4.6.1.Respecta e asume o comportamento que debe cumprirse cando visita un museo ou un edificio antigo.	CSC, CCEC
CSB1.1.1.Busca información (empregando as TIC e outras fontes directas e indirectas), selecciona a información relevante, a organiza, analiza, obtén conclusións sinxelas e comunica oralmente e/ou por escrito.	CAA, CD, CMCCT, CCL
CSB1 3.1.Emprega de maneira axeitada o vocabulario adquirido para ser capaz de ler, escribir e falar sobre Ciencias sociais.	CCL, CAA, CMCCT,CSC
CSB1.2.1.Participa en actividades individuais e de grupo, e emprega estratexias de traballo cooperativo valorando o esforzo e o coidado do material.	CSC, CAA

Nota: Na programación do centro está a UDI completa con todos os elementos

3. TRANSPOSICIÓN CURRICULAR

TAREFA: “Exposición O Paso do Tempo”				
Estándares	Actividades	Exercicios	Escenario, sesións, agrupamento, material	Metodoloxía e procesos
CSB4.4.1. Sitúa nunha liña do tempo os feitos fundamentais da prehistoria e historia de España e describe as principais características de cada unha delas.	A.1. Busca no libro de texto a liña do tempo coas diferentes etapas e elabora unha para a aula que sirva de guía	E.1.1. Enumera as diferentes etapas da historia e a prehistoria e relacionas con feitos fundamentais	Aula de clase Gran grupo Libro de texto 1 sesión	M: instructivo P: Analizar información, reflexionar e valorar.
		E.1.2. Escribe en tiras de cartolinas de cores os nomes que designan as diferentes etapas.		
CSB4.4.3. Explica a diferenza dos períodos nos que se divide a Prehistoria e describe as características básicas das formas de vida nestas dúas épocas.	A.2. Xoga ás diferenzas: compara as tres láminas das pax. 98-99, 100-101 e 102 e anota as diferenzas que atopes.	E.2.1 Enumera todas as características de cada tipo: vivenda, vestido, traballo e ferramentas, arte... no Paleolítico, Neolítico e Idade dos Metais	Aula de clase Gran grupo Libro de texto Media sesión	M: constructivo P: Analizar información, reflexionar e valorar.
		E.2.2 Completa as táboas da pax. 104 e 105, exercicios 19 e 24 do libro de texto Ed. SM	Gran grupo Libro de texto Media sesión	M: Traballo individual. P: Operar con información previa, reflexionar e valorar.

CSB4.4.2.Explica aspectos relacionados coa forma de vida, organización social e cultura das distintas épocas históricas estudadas.	A.3.Forma grupos e reparte as épocas da prehistoria, elabora as tarxetas explicativas dos diferentes aspectos:forma de vida, organización social e cultura para a exposición.	E.3.1. Comenta no grupo como se pode explicar cada aspecto e toma nota.	Grupo de tres Libro de texto Pax 104 Media sesión	M:Constructivista-cooperativo.
		E.3.2. Elabora un borrador de ficha que explique brevemente como vivían en cada época.	Individual Ficha Media sesión	P:Reflexionar e valorar,; Operar con información previa
CSB4.4.4.Data a Idade Antiga e describe as características básicas da vida naquel tempo, en especial as referidas á romanización.	A.4. Compara as diferentes formas de escritura que marcaron o inicio da idade antiga e investiga sobre os que as crearon.	E.4.1. Sinala no mapa do mundo as grandes civilizacións da idade antiga e o tipo de escritura que utilizaron.	Aula de clase Gran grupo Libro de texto e fichas	M: Individual e constructivista. P: Integrar e relacionar. Expresar. Reflexionar e valorar. Tomar decisións.
		E.4.2. Anota nunha ficha as aportacións que fixeron cada unha delas (inventos, melloras, etc.).	1 sesión	
CSB4.5.1.Identifica, valora e respecta o patrimonio natural, histórico, cultural e artístico e asume as responsabilidades que supón a súa conservación e mellora.	A.5. Teclea en Google a prehistoria en galicia, revisa os achádegos que hai da época e coméntaos cos teus compañeiros	E.5.1. Enumera e clasifica os diferentes obxectos atopados segundo a época e o tipo (construcións, ferramentas, adornos...).	Aula de informática Grupos de catro Internet	M: Social e constructivista. P: Localizar información. Integrar e interpretar. Tomar decisións
		E.5.2. Argumenta por que se atopan tan coidados en museos algúns obxectos e algúns lugares tan protexidos.	1 sesión	
CSB4.6.1.Respecta e asume o comportamento	A.6. Infórmate de cómo é un museo e como se presentan as exposicións e toma	E.6.1. Describe algunha saa de exposición que teñas visto	Aula de clase	M: Instructivo e

que debe cumprirse cando visita un museo ou un edificio antigo.	notas para realizar o noso. Pregunta a teus pais sobre algunha exposición que viran.	ou che contaran na casa: Tema ou obxectos, como se organizan, que información teñen...	Gran grupo Aportado polas familias 1 sesión	constructivista P: Analizar, cuestionar e razoar, componer, expresar.
		E.6.2. Enumera os pasos a seguir para realizar unha exposición e que temos que ter en conta.		
		E.6.3. Anota as diferentes seccións que vai ter a exposición e os elementos que podemos poñer nelas		
CSB1.2.1.Participa en actividades individuais e de grupo, e emprega estratexias de traballo cooperativo valorando o esforzo e o coidado do material.	A.7. Imos organizar o traballo por grupos e repartir responsabilidades para preparar a exposición basándonos nas anotacións realizadas no exercicio E.6.3..	E.7.1. Coas anotacións do exercicio anterior (E.6.3) elixe en que sección da exposición queres traballar e rodea os elementos que preferirías aportar.	Aula de clase Grupo de catro Fichas/aportación das familias 2 sesións	M: Cooperativo-Social. P:Reflexionar, cuestionar, valorar, integrar coñecementos previos. Tomar decisións Autocontrol. Pensamento práctico
		E.7.2. Debate co grupo o tipo de materiais que necesitas en cada parte. Anota cales debemos buscar en internet e cales podemos elaborar nós. Repartide as responsabilidades e o traballo de forma equitativa		

		E.7.3. Elabora con plastilina e materiais de refugallo aqueles elementos que decidistes construír persoalmente.		
CSB1.1.1.Busca información (empregando as TIC e outras fontes directas e indirectas), selecciona a información relevante, a organiza, analiza, obtén conclusións sinxelas e comunícas oralmente e/ou por escrito.	A.8. Entra nesta páxina e copia tanto imaxes como texto que nos poida servir para a exposición e garda nun arquivo: http://www.recursosacademicos.net/web/2010/04/03/la-vida-en-la-prehistoria/	E.8.1. Seguindo a lista de obxectos a buscar en internet, copia e pega as imaxes e gravados que che sexan de utilidade e gardas nun arquivo ben identificado .	Aula de informática parellas internet 1 sesión	M: Constructivo P: Localizar información. Integrar e interpretar. Tomar decisións razoar
		E.8.2. Acorda co teu grupo cales son as mellores imaxes e pide autorización á profesora para imprimilas.		
CSB1 3.1.Emprega de maneira axeitada o vocabulario adquirido para ser capaz de ler, escribir e falar sobre Ciencias sociais.	A.9. Organízade no grupo o material e elaborade tarxetas explicativas de cada parte.	E.9.1. Explica á clase que elemento traballache, describeo, ubícao no tempo e na sección que lle corresponde.	Aula de clase Gran grupo Libro de texto e fichas 1 sesión	M: Individual e constructivista. P: Resumir, relacionar, compoñer, expresar
		Escrebe a explicación correspondente en formato de tarxeta para poñer na exposición.		

OBSERVACIÓNS: Implicamos as familias en dúas ocasións, para que recorden ao neno algunha exposición que viron e posteriormente para que axuden a rematar a elaboración de obxectos para a exposición.

4. AVALIACIÓN E RÚBRICA

Estándares	Niveis de logro				Instrumentos de avaliación
	1 INSU	2 SUF	3 B-NOT	4 N-SOB	
CSB4.4.1.Sitúa nunha liña do tempo os feitos fundamentais da prehistoria e historia de España e describe as principais características de cada unha delas.	Presenta a liña do tempo desordenada ou confunde feitos	Presenta a liña do tempo ordeada e cosfeitos	Tamén describe as características.	Con autonomía e boa presentación	Portafolio
CSB4.4.3.Explica a diferenza dos dous períodos nos que se divide a Prehistoria e describe as características básicas das formas de vida nestas dúas épocas.	Aporta características sen orde e comete dous erros en cada taboa.	Aporta algunha característica de cada lámina e cubre sem erros as taboas.	Axústase ao período é á forma de vida e cubre sen erros as taboas.	Aporta as características de forma comparada axustándose tanto ás épocas coma os ámbitos dos que falamos e cubre as taboas con boa presentación.	Rexistro de observación Caderno
CSB4.4.2.Explica aspectos relacionados coa forma de vida, organización social e cultura das distintas épocas históricas estudadas.	Non aporta nen aproveita as explicacións dos compañeiros e non se guía polo esquema dado no libro para facer o borrador	Non aproveita as explicacións dos compañeiros pero aporta algunha e imita o esquema dado no libro para facer o borrador.	Anota as explicacións dos compañeiros e as súas propias. Completa com elas o esquema dado no libro para facer o borrador.	Fai aportacións novas e recolle toda a información para facer um borrador moi completo.	Rexistro de observación Caderno

CSB4.4.4.Data a Idade Antiga e describe as características básicas da vida naquel tempo, en especial as referidas á romanización.	Comete dous ou mais fallos en situar no mapa. Comete dous erros nas aportacións.	Situa no mapa sen erros. Escribe alomenos unha aportación en cada caso.	Sitúa sen erros e asocia co tipo de escritura. Relaciona todas as aportacións	Sitúa correctamente o lugar e o tipo de escritura. Relaciona e comenta as aportacións das grandes civilizacións.	Caderno
CSB4.5.1.Identifica, valora e respecta o patrimonio natural, histórico, cultural e artístico e asume as responsabilidades que supón a súa conservación e mellora.	Non enumera obxectos ou elementos de cada época e o argumento non se axusta.	Non enumera obxectos ou elementos de cada época e o argumento tem que ver co tema.	Enumera os obxectos por tipos e argumenta con sentido sobre a importância.	Enumera os obxectos por tipos e argumenta com sentido sobre a importancia da conservación do patrimonio cultural.	Rexistro de observación
CSB4.6.1.Respecta e asume o comportamento que debe cumprirse cando visita un museo ou un edificio antigo.	Non realiza aportacións, na maioría das veces	Realiza aportacións, alomenos, en tres das ocasións	Mellora algunhas aportacións despois de escoitar os compañeiros	Modera o debate e recolle as mellores aportacións	Rexistro de observación
CSB1.2.1.Participa en actividades individuais e de grupo, e emprega estratexias de traballo cooperativo valorando o esforzo e o coidado do material.	Non respeta os turnos e non realiza aportacións no debate na maioría das veces. Non cumple coa súa parte do traballo	Respeto os turnos na maioría das veces e realiza alguna aportación no debate. Cumple os mínimos da súa parte do traballo	Respeto os turnos e realiza aportacións no debate. Cumple cos tempos e a calidade na súa parte do traballo	Modera o debate e sintetiza as aportacións dos demais. Organiza e completa o traballo dos outros ademáis do seu propio.	Rexistro de observación

CSB1.1.1.Busca información (empregando as TIC e outras fontes directas e indirectas), selecciona a información relevante, a organiza, analiza, obtén conclusións sinxelas e comunícalas oralmente e/ou por escrito.	Copia alguna imaxes sen axustarse á listaxe e non é quen de gardala.	Copia e garda alguna imaxe que foi ben seleccionada e pide opinión dos outros para seleccionala..	Atopa varias posibilidades de cada tipo e agrúpas para gardalas. Debate co grupo para propor as mellores. Garda ben identificada	Elix entre todas, as da listaxe e as que máis se adecúan a una exposición. Clasificas e gardas. Esgrime argumentos referidos á finalidade da exposición.	Rexistro de observación Portafolio
CSB1 3.1.Emprega de maneira axeitada o vocabulario adquirido para ser capaz de ler, escribir e falar sobre Ciencias sociais.	Describe o elemento pero non o ubica nen no tempo nen na sección.	Describe o elemento ubicando temporalmente no tempo nen na sección.	Describe o elemento ubicando temporalmente no tempo nen na sección cun vocabulario axeitado.	Describe o elemento ubicando temporalmente no tempo nen na sección cun vocabulario axeitado e específico do tema.	Proba oral.
CRITERIO DE TRANSPARENCIA: Os alumnos e as familias son informados dos estándares e requisitos a cumprir en cada un para merecer una calificación ou outra. Enviarase ás casas o portafolio cos materiais e invitarase aos pais a visitar a exposición.					